

# UNITAT DIDÀCTICA 5

3r Trimestre

Nivell mitjà

**Biografías  
extraordinarias**



 Generalitat de Catalunya  
**Departament d'Educació  
i Formació Professional**

La portada ha estat dissenyada utilitzant imatges de Pexels. Autoria: Imatge generada per IA.

# Programació didàctica

## Curs 2: Optativa Llengua i literatura gallegues

El Curs 2 de l'optativa de Llengua i literatura gallegues s'emmarca dins del Nivell A1 del [Marc europeu comú de referència per a les llengües](#):

El Nivell A1 (Inicial) es considera el nivell més baix de l'ús generatiu de la llengua: el punt en què l'aprenent ja pot interactuar d'una manera simple –preguntar i respondre preguntes sobre ell mateix, sobre el lloc on viu, sobre la gent que coneix i les coses que té; iniciar declaracions simples i reaccionar-hi en les àrees relatives a les necessitats immediates o a temes molt familiars– i no ha de confiar exclusivament en un repertori lèxic limitat i memoritzat de frases determinades per a situacions específiques.

### Objectius didàctics del 2n curs de Llengua i literatura gallegues:

- Comprensió oral
  - Reconeix **paraules familiars** i expressions molt bàsiques sobre **temes propis de la família i l'entorn concret** i immediat, si la gent parla a poc a poc i amb claredat.
- Comprensió lectora
  - Compren **noms familiars**, paraules i frases molt senzilles; per exemple, les que apareixen en **anuncis, cartells i catàlegs**.
- Interacció oral
  - Es comunica de manera senzilla a condició **que l'interlocutor estigui disposat a repetir** el que ha dit o a dir-ho amb altres paraules i més a poc a poc i **que l'ajudi a formular el que intenta dir. Planteja i respon preguntes senzilles** sobre temes familiars o sobre temes relacionats amb necessitats immediates.
- Expressió oral
  - Utilitza expressions i frases senzilles per **descriure el lloc on viu i la gent que coneix**
- Expressió escrita
  - **Escriu postals** curtes i senzilles; per exemple, per **enviar felicitacions. Emplena formularis amb dades personals**; per exemple, el nom, la nacionalitat i l'adreça en una fitxa de registre d'hotel.

### Descripció de la programació:

Els continguts d'aquesta programació formen part del 2n curs de l'Optativa de Llengua i literatures gallegues" que conjuntament amb el Curs 1 permeten assolir el Nivell A1 del Marc europeu comú de referència per a la llengua gallega.

| Curs               | Trimestre | Número UD                                                        | Títol                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            | Durada               |
|--------------------|-----------|------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| 2n                 | 3r        | 5                                                                | Biografías extraordinarias                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | 12 hores             |
| Activitats         |           | Continguts                                                       |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  | Criteris d'avaluació |
| Expressió oral     |           | Falar das experiencias pasadas dun compañeiro                    | Expresar amb claretat i correcció les experiències passades d'un company utilitzant el pretèrit adequat i una bona pronunciació.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |                      |
| Interacció oral    |           | Falar de experiencias propias pasadas                            | Participar activament en converses relatant experiències pròpies en passat, utilitzant estructures lingüístiques adequades i mantenint el fil de la conversa.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |                      |
| Comprensió lectora |           | Comprender un texto biográfico sobre a vida de Rosalía de Castro | Identificar i comprendre correctament la informació principal i els detalls rellevants en biografies escrites en passat.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |                      |
| Comprensió oral    |           | Comprender unha entrevista                                       | <p>Identificar:</p> <p>Estructura i organització del discurs: introducció clara, desenvolupament ordenat amb preguntes coherents i final adequat.</p> <p>Ús de la llengua: correcció gramatical i ortogràfica, ús adequat del registre, i varietat lèxica.</p> <p>Contingut de les preguntes amb una bona estructura gramatical.</p> <p>Comprensió de les respostes de la persona entrevistada.</p> <p>Interacció fluida.</p> <p>Expressió oral: pronunciació correcta, entonació i ritme adequat.</p> <p>Presentació: actitud comunicativa.</p> |                      |
| Expressió escrita  |           | Escribir unha biografía sobre unha personaxe do seu interese     | Redactar una biografia amb una estructura clara i ben organitzada, utilitzant correctament el pretèrit i els connectors temporals per a explicar fets rellevants de la vida d'una persona.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |                      |

Els instruments d'avaluació són les activitats de síntesi que apareixen al final de la unitat 6.

# Unidade 5: Biografías extraordinarias

Nesta unidade ides descubrir a biografía de grandes persoeiros.


## Comprensión lectora

### Actividade 1

Lee estas palabras frecuentes nas biografías e relaciónaaas coas imaxes de abaixo.  
Que expresións poderías usar nunha biografía sobre a túa vida?

**casar - nacer - estudar - namorarse - vivir nun país estranxeiro - ter fillos**

**- morrer - ~~medrar~~ - cambiar de colexio - comezar a practicar un deporte**

|                                                                                     |                                                                                     |                                                                                     |                                                                                      |                                                                                       |
|-------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------|
|   |   |   |   |   |
| medrar                                                                              |                                                                                     |                                                                                     |                                                                                      |                                                                                       |
|  |  |  |  |  |
|                                                                                     |                                                                                     |                                                                                     |                                                                                      |                                                                                       |

Imaxes xeradas con intelixencia artificial

Repara 1:

O verbo "casar" non é pronominal en galego.

- Meu pai ~~casouse~~ moi novo. x > Meu pai **casou** moi novo. ✓

## Repara 2:

O galego, o catalán e o castelán son linguas románicas. Isto quere dicir que podemos entender moitísimas palabras sen dominar o idioma. Porén, para aprendermos ben o galego, debemos fixarnos nas pequenas diferenzas que poden pasarnos desapercibidas. Repara nestes dous verbos: **estudar** e **comezar**. Como os traduces ao catalán ou ao castelán? Qué diferenzas teñen?

galego: **estudar** / catalán: **estudiar** / castelán: **estudiar**

galego: **comezar** / catalán: **començar** / castelán: **comenzar**

## Actividade 2

Cofiecedes a Rosalía de Castro? En grupos, escribide que cousas sabedes dela.

Logo, lede a súa biografía e respondede a estas preguntas.

1. Por que é importante Rosalía de Castro para a cultura galega?
2. Que se celebra o 17 de maio en Galiza? Por qué se escolleu esta data?
3. Cres que Rosalía de Castro foi unha muller transgresora? Por que?
4. Por que cres que trasladaron o corpo de Rosalía ao Panteón de Galegos Ilustres?

# ROSALÍA DE CASTRO



O 17 de maio celebramos en Galiza o Día das Letras Galegas. Nesta data, réndeselle homenaxe a un escritor ou a unha escritora polas súas achegas á cultura e á literatura galega. Pero sabedes por que se escolleu esta data emblemática? Por Rosalía de Castro.

- Naceu o **24 de febreiro de 1837** en Santiago de Compostela. Era filla dunha muller nobre e dun crego, polo que a súa infancia non foi doada. **Nos primeiros anos da súa vida** viviu con dúas tías xa que, segundo a lei daquel tempo, non podía vivir con ningún dos seus pais.
- **Aos cinco anos** foi vivir coa súa nai a Padrón (na Coruña). Logo, ela e mais a súa nai marcharon vivir a Santiago, onde recibiu a formación propia das mulleres burguesas da época. **Durante a súa infancia**, medrou rodeada de historias e cantos populares galegos.
- En **1956**, Rosalía trasladouse a Madrid e alí publicou o seu primeiro poemario *La Flor*, escrito en castelán. **Por ese tempo**, coñeceu o historiador e xornalista Manuel Murguía. Rosalía de Castro e Manuel Murguía casaron en **1858** e formaron una familia numerosa con cinco fillas e dous fillos. Debido ao traballo do seu marido, viviron en lugares moi diferentes: Madrid, A Coruña, Lugo, Simancas, Alicante... pero finalmente quedaron a vivir en Padrón.
- O **17 de maio de 1863** publicou *Cantares gallegos*, unha obra fundamental porque marcou o comezo do Rexurdimento, un movemento que devolveu á lingua galega o seu lugar na literatura despois de séculos de abandono. Esta obra foi escrita en galego, nun momento en que case ninguén o facía.
- **Máis adiante** publicou outros libros importantes, como *Follas novas* (1880), tamén en galego, e varias obras en castelán, como *En las orillas del Sar*. A súa escrita foi moi moderna para a súa época: falaba da dor, da tristeza, da pobreza, pero tamén da forza das mulleres e da beleza da natureza galega.
- **Nos últimos anos da súa vida** enfermou e morreu o 15 de xullo de 1885 en Padrón. **Anos despois**, en 1891, trasladaron o seu corpo ao Panteón de Galegos Ilustres en Santiago de Compostela.



Imaxes xeradas con intelixencia artificial

### Actividade 3

A. Fíxate nestes verbos extraídos do texto de Rosalía. Están en presente, pasado ou futuro?  
Busca un exemplo máis no texto anterior para cada táboa.

| VERBOS REGULARES EN -AR |            |
|-------------------------|------------|
| FORMA DO TEXTO          | INFINITIVO |
| medrou (ela)            | medrar     |
|                         |            |

| VERBOS REGULARES EN -ER |            |
|-------------------------|------------|
| FORMA DO TEXTO          | INFINITIVO |
| naceu (ela)             | nacer      |
|                         |            |

| VERBOS REGULARES EN -IR |            |
|-------------------------|------------|
| FORMA DO TEXTO          | INFINITIVO |
| viviú (ela)             | vivir      |
|                         |            |


B. Na biografía de Rosalía de Castro da actividade 2 hai un verbo en pasado que é irregular.  
Sabes cal é?

### Actividade 4

Fíxate nas expresións destacadas na biografía de Rosalía de Castro da actividade 2.  
Para que serven?

## Actividade 5

Completa a conjugación dos verbos da táboa de abaixo coa axuda da imaxe.



|                      | MEDRAR    | NACER    | VIVIR    |
|----------------------|-----------|----------|----------|
| eu                   | medr_____ | nac_____ | viv_____ |
| ti                   | medr_____ | nac_____ | viv_____ |
| el, ela, vostede     | medr_____ | nac_____ | viv_____ |
| nós                  | medr_____ | nac_____ | viv_____ |
| vós                  | medr_____ | nac_____ | viv_____ |
| eles, elas, vostedes | medr_____ | nac_____ | viv_____ |

## Actividade 6

Conxuga os seguintes verbos en pretérito.

- a. E ti, onde **(nacer)** \_\_\_\_\_?
- b. Maruxa e a súa familia **(vivir)** \_\_\_\_\_ en varias cidades galegas ao longo da súa vida.
- c. Os meus pais **(namorarse)** \_\_\_\_\_ moi novos.
- d. O meu irmán e mais eu **(medrar)** \_\_\_\_\_ nunha vila pequena preto da Coruña.
- e. Eu **(coñecer)** \_\_\_\_\_ a Xurxo na escola infantil.
- f. Castelao **(morrer)** \_\_\_\_\_ no exilio, lonxe da súa terra.
- g. O meu irmán **(comezar)** \_\_\_\_\_ a practicar tenis cando tiña 10 anos.
- h. Rosalía **(ser)** \_\_\_\_\_ vivir coa súa nai con cinco anos.

## Expresión escrita

### Actividade 7

Ides facer un xogo de adiviñas. En parellas, escollede un persoeiro famoso e escribide dez oracións sobre a súa vida. Lede as vosas oracións aos compañeiros. Son quen de adiviñar quen é? A parella que adiviñe o persoeiro gaña un punto. Gaña a parella con máis puntos.

1. Naceu...
2. Durante a infancia viviu en...
3. ...

## Comprensión oral

### Actividade 8


Vede e escoitade dúas veces a seguinte entrevista do programa “Land Rober” da TVG, dende o minuto 28 ata o 33, e responde as seguintes preguntas:

#### Programa Land Rober

1. Quen é protagonista da película “Antes de Nós”?
2. Cal é o actor que interpreta o protagonista da película?
3. Como lle dixeron ó actor que interpretaría ó protagonista?
4. En que momento da vida parécese o actor ó protagonista da película?



5. Actualmente por que coñecemos o protagonista do filme?
6. Que tiña Castelao como humorista que lle chama a atención ó actor?
7. Que descubriu o actor en relación con Castelao?
8. Cal é a perífrase verbal incoativa (de inicio dunha acción) que podemos escoitar na entrevista?
9. Que dúas partes da vida de Castelao cóntase na película? (Resposta larga)
10. Que foi o máis difícil de interpretar de Castelao?
11. (Pregunta externa ó vídeo) Sabes en que cosisten os fenómenos lingüísticos que aparecen no vídeo? Se o sabes, podes explicalos?



*Solucions no Anexo I*

## Expresión escrita e expresión oral

### Actividade 9

Agora é momento de xogar. Pensade nun persoeiro e escribide 5 oracións en pretérito del ou dela e compartide a información oralmente en grupos de 4 ou 5 persoas. Adiviñade quen é o persoeiro. Gaña quen máis personaxes adiviñe!

Exemplo:

Naceu en Rianxo (Pontevedra). Estudou Medicina na Universidade de Santiago de Compostela. Foi un destacado caricaturista e ilustrador e colaborou activamente nas revistas galeguistas *Vida Gallega*, *Nós* e *A Nosa Terra*. Ingresou nas Irmandades da Fala en 1916. Participou na redacción do Estatuto de Autonomía de Galicia aprobado no ano 1936.

A resposta é: [Alfonso Daniel Rodríguez Castelao](#)

### Actividade 10

Por parellas ou grupos pequenos de 3 ou 4 persoas, observade as seguintes imaxes e decide información que coñezades delas para que os vossos compañeiros poidan identificalas e relacionalas con elas.





**TANXUGUEIRAS  
PAULA VÁZQUEZ  
AMANCIO ORTEGA  
DAVID BRONCANO  
ANA PELETEIRO  
CAROLINA IGLESIAS  
IAGO ASPAS  
XURXO CARREÑO  
FILLAS DE CASANDRA  
MARIO CASAS  
XOEL LÓPEZ  
PATTY DRAGONA**

## Interacción oral

### Actividade 10

Vaslles preguntar aos teus compañeiros se algunha vez fixeron algunha das accións da primeira columna da táboa de abaixo. Para iso, constrúe correctamente as preguntas empregando o pretérito.

Cando atopes alguén fixo unha das accións, escribe o seu nome na segunda columna. Despois, fálle máis preguntas sobre a súa experiencia para engadir algún dato na terceira columna.

| Acción                          | Persoa | Máis información sobre a acción |
|---------------------------------|--------|---------------------------------|
| Viaxar a un país estranxeiro    |        |                                 |
| Mirar unha película interesante |        |                                 |
| Coñecer un/a famoso/a           |        |                                 |
| Comer un prato estraño          |        |                                 |
| Cantar ou bailar en público     |        |                                 |
| Gañar un premio                 |        |                                 |
| Mentir a alguén                 |        |                                 |
| Tocar unha serpe                |        |                                 |

Exemplo:

- Algunha vez viaxaches a un país estranxeiro?
- Sí, varias veces.
- A onde viaxaches a última vez?
- Viaxeí a Francia.
- Con quen viaxaches?
- Coa miña familia.
- ...

## Expresión oral

### Actividade 11

Presenta os resultados da actividade anterior á clase. Se tes varias respostas, escolle a que che parece máis interesante e preséntaa oralmente.

Exemplo:

Joan viaxou a Francia no verán pasado. Viaxou coa súa familia e fixo moitas cousas. Durmiron nun hotel e...

## Expresión escrita

### Actividade 12

Escribe unha biografía dunha persoa que vos interese.

Opción A: busca en internet información sobre a vida da persoa. Intenta escoller fontes fiables (Wikipedia, medios de comunicación coñecidos, etc.). Selecciona a información máis relevante. Crea unha infografía coa información e engade fotos ilustrativas. Pendurade todas as infografías nunha parede da clase.

Opción B: faille preguntas a unha persoa do teu redor (un avó ou unha avoa, un/a tío/a, un/a veciño/a) sobre a súa vida. Se é galego, moito mellor, poderás practicar a lingua. Selecciona a información máis relevante. Crea unha infografía coa información e engade fotos ilustrativas. Pendurade todas as infografías nunha parede da clase.

### Solucións da actividade 8

1. Alfonso Daniel Rodríguez Castelao
2. Xoán Fórneas
3. A súa representante chamouno por teléfono antes de subir o avión para ir a Italia e díxolle que estaban interesados nel para facer o filme de Castelao.
4. Cando era novo.
5. Pensador, político, humanista, escritor e cómico.
6. A retranca.
7. Era humano e preocupábase por a súa xente de Rianxo (Pontevedra).
8. Botar a chorar.
9. A primeira na gripe do dezaioito que transcurre en Rianzo. A segunda 10 anos despois cando escribiu “As cruces de pedra na Bretaña”, onde conta a historia de amor ca súa muller.
10. Cristina Pereira.
11. O andar, porque levaba coma unhas alzas. Tamén tivo que traballar a gheada e o seseo.
12. Fenómeno fonético que se presenta en gran parte do territorio lingüístico galego e que consiste na pronuncia do fonema g (oclusivo ou fricativo velar sonoro) como h (normalmente aspirado xordo).  
O seseo: Fenómeno fonético que consiste na presenza do fonema s nos contextos que no sistema non seseante se corresponden co fonema θ.